

Guía para o profesorado: principais novidades en Moodle 4.1

Contido

Introdución	2
Nova interface	2
Taboleiro.....	3
Os meus cursos.....	4
Menú de usuario/a	5
Cambios na interface dos cursos.....	5
Grupos e agrupamentos.....	10
Cambios nas actividades e recursos	11
Tarefas.....	12
Proba.....	13
Banco de preguntas.....	13
Base de datos	14
Cualificacións	15
Completado de actividade	16
Contacto	18

Introdución

Comprácenos anunciar que actualizamos a plataforma MooVi á versión 4.1. Esta actualización trae diversos cambios e novas funcionalidades que esperamos faciliten o traballo docente e melloren a experiencia de ensino-aprendizaxe.

Neste tutorial guiarémoste a través dos cambios máis importantes que atoparás ao usar esta nova versión.

IMPORTANTE: pode que a primeira vez que accedas á nova versión sintas que son moitos cambios, pero unha vez que te acostumes verás que foron deseñados para que todo sexa máis claro e fácil de usar.

Nova interface

O principal cambio da nova versión prodúcese na navegación, cunha páxina de inicio renovada, onde os usuarios/as poden acceder rapidamente a diversos contidos.

Na barra de **navegación fixa superior**, hai varias ligazóns directas: Inicio, Taboleiro e Os meus cursos.



Taboleiro

Liña temporal

Próximos 7 días ▼ Ordenar por cursos ▼ Search by activity type or name

Non hai actividades pendentes de entrega

Cursos de recente acceso

2425-11444-20087-01
Bioloxía: Bioloxía II
Outros cursos

2223-V10G062V01101
★ Bioloxía: Bioloxía I
Grao en Ciencias do Mar

Case todos estes elementos estaban anteriormente na barra de navegación esquerda, polo que se aproveita mellor o espazo ubicándoos aí, e prescídese así desta barra lateral esquerda.

Taboleiro

Cando te logueas en MooVi, accedes ao teu "Taboleiro". Nesta sección, podes ver os cursos aos que accediches recentemente, unha liña do tempo da actividades pendentes e o calendario.

The screenshot displays the Moodle 4.1 dashboard interface. At the top, the navigation bar includes 'Inicio', 'Taboleiro' (highlighted with a red box), and 'Os meus cursos'. The main content area is titled 'Taboleiro' and is divided into three sections:


- Liña temporal**: Features a dropdown for 'Próximos 7 días', a dropdown for 'Ordenar por cursos', and a search bar labeled 'Search by activity type or name'. Below these is a message: 'Non hai actividades pendentes de entrega'.
- Cursos de recente acceso**: Shows two course cards. The first is '2425-11444-20087-01 Bioloxía: Bioloxía II Outros cursos'. The second is '2223-V10G062V01101 ★ Bioloxía: Bioloxía I Grao en Ciencias do Mar'.
- Calendario**: Displays a calendar for 'xullo 2024'. It includes a dropdown for 'Todos os cursos', a 'Novo evento' button, and a calendar grid with days 'lun', 'mar', 'mér', 'xov', 'ven', 'sáb', and 'dom'. The dates 1 and 2 are visible in the 'sáb' and 'dom' columns respectively.

A **liña do tempo** permite ao estudante axustar a procura de actividades pendentes, por número de días ou meses, por tipo ou nome de actividade, e ordenar por data ou por cursos. Ademais, poderá ver a data e hora de vencemento e o requisito de cumprimento de cada actividade, e acceder directamente a esta.


Se es profesor/a, podes personalizar esta área habilitando o modo de edición.

IMPORTANTE: fíxate que nesta nova versión, o **modo edición** (anteriormente o botón "activar edición") actívase mediante un novo control situado na esquina superior

dereita da pantalla, xunto ás notificacións e o acceso ao perfil de usuario. Para activalo, move o botón cara ao lado dereito e para desactivalo, cara á esquerda.



Co modo de edición activo, desde o menú da esquerda podes engadir novos bloques ou modificar, ocultar ou eliminar os xa existentes.



Os meus cursos

Desde aquí podes ver o título, a categoría, o nome abreviado e a porcentaxe de cumprimento de cada curso. Tamén podes destacar ou retirar da vista as materias, premendo nos tres puntos verticais situados na esquina dereita de cada curso:

Desde aquí tamén podes restrinxir ou filtrar os cursos que desexas ver (Todos, Futuros, Pasados etc.), buscar no cadro o nome ou código dunha materia, ordenar a listaxe de cursos (por nome, código ou último acceso) e escoller o tipo de vista do directorio de cursos (lista ou resumo).


Menú de usuario/a

No menú de usuario/a da parte superior dereita, incluíronse novas opcións que antes non estaban ou estaban noutro sitio:


Como novidade, neste menú agora podes consultar o calendario, os teus ficheiros privados, os informes ou mudar o idioma da interface. Lembra que ao igual que na anterior versión, nas opcións do perfil podes engadir ou cambiar a túa imaxe de perfil e outros detalles da túa conta.

Cambios na interface dos cursos


Cando accedas ás túas materias, observarás algúns cambios respecto á versión anterior.




O principal cambio ten que ver coa navegación polo curso. Aparece un novo **menú superior** que nos dá acceso directo ás ferramentas de uso máis habitual (para ir aos axustes do curso, os participantes, as cualificacións, os informes e o resto a través da opción "Máis"):




O menú esquerdo queda unicamente para a **navegación polo contido do curso**, podes ocultalo premendo no x da parte superior (tamén pode ocultarse do mesmo xeito o menú de navegación da esquerda). Se tes o modo edición activado, podes desde aí cambiar a orde dos elementos mediante arrastrar e soltar.



Desde a páxina principal do curso, tes unha nova opción para "**contraer todo**" para que só amose os títulos das seccións reducindo a cantidade de contido visible na pantalla principal. Tamén as seccións se poden contraer ou despregar para reducir o desprazamento vertical.



Na parte dereita, podes engadir os bloques que consideres:




Outro cambio foi a **modificación das iconas de actividades e recursos** (se tes dificultades ao principio para localizar algún, podes empregar o cadro de buscar na parte superior):



Cando xeres unha actividade no teu curso vas dispor dun menú, similar ao do curso na parte superior, que dá acceso ás opcións de axustes e xestión da actividade:




En Moodle 4, todas as funcións de reutilización do curso están agrupadas nun único lugar, onde podes importar, facer unha copia de seguridade ("backup") ou restaurar un curso. Para utilizar estas funcións, accede ao curso desexado e no menú de navegación do curso, preme en Máis e logo en "Reutilizar o curso".



Moodle levarate á páxina para executar as funcións de reutilización do curso, cuxa opción por defecto é "Importar".

Biología: Biología I




Grupos e agrupamentos

Agora para crear ou consultar os grupos e agrupamentos, tes que ir a lapela de "Participantes" e no despregable superior esquerdo escoller a opción correspondente:




Cambios nas actividades e recursos

Cando accedes a unha actividade ou recurso, verás que aparece un novo menú na parte superior que che vai permitir ir aos axustes desa actividade ou recurso e outras xestións:



Outra nova característica nesta versión é que permite enviar unha **notificación aos estudantes** a través do correo-e cando creas unha nova actividade ou realizas cambios nunha xa existente, só tes que marcar o cuadro "Enviar unha notificación de cambio de contido" ao final da páxina de configuración:



Establecer unha cualificación aprobatoria como criterio de remate

Agora as tarefas e todas as actividades cualificadas conteñen unha nova condición de remate, que permite que as actividades só se amosen como completadas unha vez que o estudante alcanzou o nivel ou cualificación necesaria.

As datas de entrega das actividades agora amósanse na páxina principal do curso:

The screenshot displays three activity items in a Moodle course. Each item has a date range for submission, highlighted with a red box:

- Actividade 1 (TAREA):** Apertura: domingo, 22 de setembro de 2024, 13:30; Cierre: martes, 20 de maio de 2025, 09:25.
- Actividade 2 (TAREA):** Apertura: sábado, 28 de setembro de 2024, 13:00; Cierre: viernes, 7 de febrero de 2025, 15:00.
- Cuestionario tema 1 (CUESTIONARIO):** Cerró: viernes, 24 de maio de 2024, 20:55.

Tarefas

Engádesse un novo apartado de "**instrucións da actividade**", que debería conter o que precisa saber o alumnado para realizar esa tarefa. A diferenza da descrición, este texto só se amosa aos estudantes engaden ou editan a entrega.

▼ Xeral

Nome da tarefa

Actividade 1

Descrición

1. Clasificar el conjunto de organismos en dos grupos indicando el criterio
 2. Elaborar una clave dicotómica que permita identificar a cualquiera de
 3. Buscar en internet el nombre científico que recibe la especie 4.
 4. Responder cómo se llama el tipo de nomenclatura que se usa para de
 5. Indicar las categorías taxonómicas en las que coinciden las especies 1
 6. Nombrar los reinos que aparecen representados en las imágenes y sei

Presentar a descrición na páxina do curso ?

Instrucións da actividade

?

Proba

Nesta nova versión, na actividade proba (cuestionario) agora:

- pódese escoller que versión de cada pregunta se utiliza
- personalizar os números das preguntas da proba
- reabrir un intento de proba nunca enviado.

Banco de preguntas

No banco de preguntas hai novas columnas que permite ao profesorado ter máis información dispoñible:

Pregunta	Accións	Estado	Versión	Creado por	Comentarios	¿Necesita revisión?	Índice de facilidade	Eficiencia discriminativa	Uso	Último uso	Modificada por
en negativo 1	Editar	Listo	v1	Sonia Álvarez López 22 de febreiro de 2024, 12:54	0	-	No dispoñible	No dispoñible	3	viernes, 15 de marzo de 2024, 13:58	Sonia Álvarez López 22 de febreiro de 2024, 12:54
en negativo 2	Editar	Listo	v1	Sonia Álvarez López 22 de febreiro de 2024, 12:55	0	-	No dispoñible	No dispoñible	3	viernes, 15 de marzo de 2024, 13:58	Sonia Álvarez López 22 de febreiro de 2024, 12:55

Na listaxe de preguntas, agora aparecen estas opcións:

- Editar o nome da pregunta directamente premendo no lapis.

- Definir o estado da pregunta, entre lista (*Ready*) para empregarse ou borrador (*Draft*) se aínda precisa ser revisada. Isto pode facerse desde o banco de preguntas ou directamente ao crear a pregunta.
- A versión refírese ás diferentes edicións desa pregunta.
- Engadir comentarios (*Comments*) a esa pregunta, que só poden velos os profesores/as desa materia.
- Necesita revisión? (*Need checking?*) indica se é preciso revisar unha pregunta. Establecese automaticamente en función das estatísticas das preguntas.
- Índice de facilidade (*Facility index*) amosa a porcentaxe de estudantes que contestou correctamente á pregunta.
- Eficiencia discriminativa (*Discriminative efficiency*) é outro dato estatístico extraído do uso das preguntas en todos os cuestionarios. Esta columna reflicte un valor deseñado para distinguir entre estudantes de diferentes niveis de habilidade.
- Uso (*Usage*) amosa o número de probas nas que se inclúe a pregunta e unha ligazón con datos máis concretos.
- Último uso (*Last used*) amosa a data da aparición máis recente da pregunta.

Máis información sobre a interpretación do informe estatístico en:

https://docs.moodle.org/all/es/Reporte_de_estad%C3%ADsticas_de_examen

Base de datos

Esta actividade agora ofrece unha serie de modelos predefinidos (*predefinicións*) que poden usarse sen necesidade de configurar nada máis. En concreto, facilítase a creación de galería de imaxes, diarios, recolleita de propostas e recursos. Pódense adaptar posteriormente e facilítase a súa reutilización.

Base de datos Axustes **Predefinicións** Campos Modelos Máis ▾

Predefinicións


Accións ▾

Escolla un predefinido para usar como punto de partida.

	Nome	Descrición
<input type="radio"/>	Galería de imaxes	Use este predefinido para a recolleita de imaxes.
<input type="radio"/>	Diario	Use este predefinido para un diario, axenda, ferramenta de reflexións ou rexistro de investigación.
<input type="radio"/>	Propostas	Use este predefinido para a recolleita de propostas de temas, investigacións, proxectos, etc. Os campos inclúen status como aprobado, rexeitado, revisado ou pendente.
<input type="radio"/>	Recursos	A recolleita de recursos como ligazóns web ou recensións de libros nunha táboa, con ligazóns á vista detallada.

Cualificacións

Introducíronse melloras e axudas na navegación, renovouse o informe de usuario e engadiuse unha nova páxina de resumo coa cualificación media de cada actividade. Un novo buscador permite localizar unha cualificación en función do usuario, o grupo ou a actividade.



Completado de actividade

A información referida ao completado de actividade integrouse na páxina principal do curso, no índice esquerdo a través dunha icona que informa do estado do ítem na páxina de cada actividade.

Para as actividades cualificables hai unha nova condición de completado que é que o estudante debe recibir unha cualificación aprobada para completar a actividade:

▼ Completado da actividade

Opcións de completado desbloqueadas Cando garda os cambios, borrarase o estado de completado de todos os alumnos. Se cambia de parecer sobre isto, non garde o formulario.

Seguimento de completado ?

Require a vista O alumno debe ver esta actividade para completala

Require cualificación O alumno debe recibir unha cualificación para completar esta actividade ?
 O alumno debe recibir unha cualificación aprobada para completar esta actividade ?
 O alumno debe entregar esta actividade para completala

Agardase completala en ? Activar

Contacto

Esperamos que esta guía che sexa de utilidade para adaptarte ás novas funcionalidades e melloras desta versión.

En caso de dúbidas ou incidencias, contacta con soporte.moovi@uvigo.gal